




C|E|S
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

2022

MEMORIA DE ACTIVIDADES



Actividades 2022



Nos primeiros meses do ano 2022, con motivo da presentación da nosa memoria de actividades do ano anterior, sinalaba o obxectivo de incrementar a presenza do CES no día a día da sociedade galega, así como as súas achegas, para ser útiles e cumprir fielmente o noso mandato legal, como ente consultivo da Xunta de Galicia e foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a propia Xunta de Galicia. A lectura da presente memoria de actividades permite constatar que o CES camiña, con paso firme, cara á consecución do obxectivo indicado.

Máis aló dos efectos e consecuencias terribles e devastadoras da pandemia, así como das novas consecuencias derivadas das múltiples crises que afectan a humanidade e especialmente as relativas á guerra en Ucraína, durante o ano 2022 a actividade económica e social avanzou firmemente cara á recuperación do ritmo previo á pandemia, sendo esta memoria un fiel reflexo da referida circunstancia.

A presente memoria recolle as principais actividades e traballos realizados ao longo do pasado ano polo CES, nas que hai que salientar a implicación e participación activa das organizacións presentes no Consello, así como a implicación de todo o persoal da institución. Sirvan estas liñas como agradecemento a todos e todas.

Neste documento se referencian os ditames, xornadas, informes, declaracións institucionais e resto de actividades realizadas ao longo do pasado ano 2022 polo Consello e que son un fiel reflexo dos diferentes ámbitos económicos e sociais. É de resaltar que todos eles caracterízanse pola permanente presenza do espírito de consenso e acordo que ilumina o día a día desta institución. Así foi o ano 2022 e así agardamos que continue no futuro, co obxectivo supremo de resultar útiles a Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2023
Agustín Hernández Fernández de Rojas

1. O CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

1.1.COMPOSICIÓN	pax. 3
1.2.NATUREZA E FINALIDADE	pax. 5
1.3. FUNCIONS	pax. 6
1.4. ORZAMENTO	pax. 6

2. ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2022

pax. 7

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES	pax. 7
2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN	pax. 11
2.3 COMPARECENCIAS E MANIFIESTOS	pax. 24
2.4 PRESENCIA INSTITUCIONAL	pax. 25
2.5 VISUALIZACIONES CANLE YOUTUBE	pax. 27
2.6 REUNIONS DOS ORGANOS COLEXIADOS	pax. 28
2.7 PRESTAMO DE SALAS PARA ACTIVIDADES DE OUTROS ORGANISMOS	pax. 32
2.8 CES NA PRENSA	pax. 33

1.1.COMPOSICIÓN

O Consello Económico e Social está formado por 38 membros: tres grupos de 12 membros, máis Presidente/a e o Secretario Xeral.

- Grupo 1: Os seus doce membros son designados polas **organizacións sindicais** en función da súa representatividade. Neste momento, catro membros corresponden á Confederación Intersindical Galega, catro membros a UGT–Galicia e catro membros representan a Comisións Obreiras de Galicia.
- Grupo 2: corresponde as **organizacións empresariais** con capacidade representativa. Os seus doce membros son designados pola Confederación de Empresarios de Galicia.
- Grupo 3: Acolle diversas **entidades e asociacións cidadáns, culturais e socioeconómicas** máis representativas da realidade económica e social de Galicia . O sector agrario conta con catro representantes (segundo a representatividade obtida nas últimas eleccións agrarias, dous membros de Unións Agrarias e dous do Sindicato Labrego Galego); dous membros do sector marítimo pesqueiro, designados polas confrarías de pescadores (un de marisqueo e un de baixura); dous membros en representación do Consello Galego de Consumidores e Usuarios; tres representantes das Universidades galegas e un representante da economía social designado polo Consello Galego de Economía Social.

Cada membro ten un suplente para cubrir as súas eventuais ausencias ás reunións de traballo. Os membros son nomeados para un período de catro anos, aínda que poden ser substituídos pola súa organización en calquera momento. O substituto permanecerá no cargo ata o final do período previsto para o seu antecesor.

COMPOSICIÓN DO PLENO

A composición do plenario é variable, xa que os membros poden ser substituídos polas súas respectivas organizacións en calquera momento do seu mandato por circunstancias diversas. Os membros do Pleno a 31 de decembro de 2022 (titulares e suplentes):

PLENO

Presidente: Agustín Hernández Fernández de Rojas
Secretario Xeral: Manuel Martínez Varela

Membros titulares

Grupo 1.- Organizacións sindicais

CIG (Confederación Intersindical Galega):

- Susana Méndez Rodríguez
- Miguel Malvido Cabirto
- Natividade López Gromaz
- Héctor López de Castro

CC.OO. de Galicia:

- Carlos Pardo Pardo
- Xesús Castro Baamonde
- Maica Bouza Seoane
- Juan Martínez García

UGT Galicia:

- José Carlos Rodríguez del Río
- Delia Irene Martínez Conde
- Javier Carreiro Vázquez
- Mar Martín González

Grupo 2.- Organizacións empresariais

CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):

- Antonio Fontenla Ramil
- Jesús A. Méndez Álvarez-Cedrón
- José María Corujo Seguido
- David Martínez Alonso
- J. Ignacio López-Bachiller Fernández
- José Manuel Maceira Blanco
- Javier Martínez López
- Francisco Couso Santos
- Marisol Novoa Rodríguez
- Jorge Cebreiros Arce
- Jaime Luis López Vázquez
- Diego Vázquez Reino

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Universidade de Vigo:

- José María Martín Moreno

Universidade da Coruña:

- Angel S. Fernández Castro

Universidade de Santiago de Compostela:

- Edelmiro López Iglesias

Sindicato Labrego Galego:

- Ramón Barreiro Carnota
- Marieta Pastoriza Martínez

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Miguel López Crespo
- Rosa Celia Otero Raña

Unións Agrarias de Galicia:

- Pedro González Boquete
- Alba Torreira Puga

Federación de confrarías:

- José Antonio Pérez Sieira
- Manuel Daniel Formoso Moledo

Consello Galego de Economía social:

- Mar Pernas Márquez

Membros suplentes

Grupo 1.- Organizacións sindicais:

CIG (Confederación Intersindical Galega):

- Anxo Noceda Carballo
- Lucía Freire Ces
- Xavier Rodríguez Fidalgo
- Margarida Corral Sánchez

CC.OO. de Galicia:

- Silvia Parga Rodríguez
- Omar Ceveira Vázquez
- Alejandro Rodríguez Pazos
- Roi Fernández Rodríguez

UGT Galicia:

- José Luís Fernández Celis
- Olga Crespo Sánchez
- Mar Alfonsín Madrigal
- Trinidad Campos Rodríguez

Grupo 2.- Organizacións empresariais:

CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):

- Ana Belén Vázquez Eibes
- Lourdes Pardo Domínguez
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Marina Graña Bermúdez
- Verónica Val Vázquez
- Laura Otero Rúa
- Marta Amate López
- Rosa María Sánchez Gándara
- Mª del Mar Barreiros Mariño
- María Botana Rocamonde
- Cristina Rama Molinos
- José Antonio Neira Cortés

Grupo 3.- Outras entidades e asociacións:

Universidade de Vigo:

- Jorge Falagán Mota

Universidade da Coruña:

- Anxo Calvo Silvosa

Universidade de Santiago de Compostela:

- Melchor Fernández Fernández

Sindicato Labrego Galego:

- Ana Eiras Regueira
- Xosé Pérez Rei

Consello Galego de Consumidores e Usuarios:

- Mª Rocio Arnoso Moure
- Josefa Monteagudo Romero

Unións Agrarias de Galicia:

- Cristina Pedreira González
- Jacobo Feijóo Lamas

Federación de Confrarías:

- José Manuel Rosas Otero
- José Basilio Otero Rodríguez

Consello Galego de Economía Social:

- Esther Blanco Araújo

COMPOSICION DE LA COMISIÓN PERMANENTE

GRUPO PRIMEIRO	GRUPO SEGUNDO	GRUPO TERCEIRO
CIG: Miguel Malvido Cabirto UGT: José Carlos Rodríguez del Río CCOO: Xesús Castro Baamonde	CEG: Cristina Rama Molinos José Antonio Neira Cortés José Manuel Maceira Blanco	SLG: Ramón Barreiro Carnota CGCU: Miguel López Crespo CONFRARIAS: J. Basilio Otero

COMPOSICIÓN DE LA COMISIONES SECTORIALES

CS-1: Economía, empleo e sectores produtivos	CS-2: Sector público e bienestar social
CIG: Miguel Malvido Cabirto UGT: José Carlos Rodríguez del Río CC OO: Maica Bouza Seoane CEG: José Antonio Neira Cortés Ana Belén Vázquez Eibes José Manuel Maceira Blanco SLG: Marieta Pastoriza Martínez Confrarias : José Antonio Pérez Sieira CG Consumo: Miguel López Crespo	CIG: Natividade López/Miguel Malvido UGT: Delia Irene Martínez Conde CC OO: Carlos Pardo Pardo CEG: José Antonio Neira Cortés Ana Belén Vázquez Eibes José Manuel Maceira Blanco SLG: Ramón Barreiro Carnota CG Economía Social: Mar Pernas Márquez Univ. Coruña: Ángel S. Fernández Castro
CS-3: Desenvolvemento rexional	CS-4: Memoria socioeconómica de Galicia
CIG: Natividade López/Miguel Malvido UGT: Javier Carreio Vázquez CC OO: Xesús Castro Baamonde CEG: José Antonio Neira Cortés Ana Belén Vázquez Eibes José Manuel Maceira Blanco UU AA: Pedro González Boquete Confrarias: Manuel D. Formoso Moledo USC: Edelmiro López Iglesias	CIG: Natividade López Gromaz UGT: Mar Martín González CC OO: Juan Martínez García CEG: José Antonio Neira Cortés Ana Belén Vázquez Eibes José Manuel Maceira Blanco UU AA: Alba Torreira Puga CG.Consumo : Rosa Celia Otero Raña Univ. Vigo: José María Martín Moreno

1.2.NATUREZA E FINALIDADE

O Consello Económico e Social é un organismo consultivo da Xunta de Galicia en materias socioeconómicas. Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, o CES configúrase como foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia coa finalidade de facer efectiva a participación destes axentes na política socioeconómica da comunidade autónoma.

O CES de Galicia foi creado pola devandita Lei 6/1995, do 28 de xuño, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, para facilitar a participación de tódolos galegos na vida política, económica e social e atender a aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas podan ser tidas en conta no proceso de adopción de decisións por parte do Executivo autonómico.

A labor do CES aplícase non só á actividade normativa gobernamental, senón mesmo á elaboración, por iniciativa propia, de estudos e informes que conteñen propostas dirixidas a unha eventual introdución de reformas nas políticas públicas aplicadas nos diferentes sectores de actividade.

O Consello é un organismo independente do Executivo autonómico. Na súa composición, a diferenza do que acontece con órganos homólogos doutras comunidades autónomas, non figura ningún representante do Goberno.

O ámbito obxectivo para o exercicio das funcións atribuídas ao Consello son as materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia, en concreto as relativas á economía, tributación, emprego e seguridade social, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, enerxía e industria, vivenda e mercado único europeo.

Queda fóra deste ámbito de competencias e eido das relacións laborais, atribuído en exclusiva ao Consello Galego de Relacións Laborais.

O presidente da Xunta de Galicia é o encargado de solicitar do consello a emisión de ditames ou informes de carácter preceptivo sobre anteproxectos de lei, proxectos de decretos legislativos ou plans xerais ou sectoriais. Cando un departamento ou consellería competente entenda que un proxecto non require ditame preceptivo, deberá xustificar, coa correspondente memoria explicativa, a non remisión do mesmo a este organismo.

1.3. FUNCIONS


As funcións do Consello Económico e Social de Galicia, reguladas no artigo 5 da súa Lei de Creación son:

- 1- Emisión de ditames preceptivos sobre anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos que regulen materias socioeconómicas directamente vencelladas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. Tamén pode ser consultado facultativamente para outros asuntos ou materias non comprendidas no apartado anterior.
- 2- O Consello tamén elabora informes, por iniciativa propia ou a petición da Xunta de Galicia, sobre a realidade socioeconómica da Comunidade ou sobre plans o programas de desenvolvemento da mesma.
- 3- A participación en mesas sectoriais xunto con representantes da Administración é outra das funcións do CES.
- 4- A Lei recolle tamén a obriga de elaborar anualmente e remitir ao Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia. Este traballo pode incluír opinións e recomendacións sobre as políticas gobernamentais.

1.4. ORZAMENTO

O orzamento do Consello Económico e Social de Galicia para 2022 ascendeu a 1.038.404 euros, cun incremento de 3,82 % respecto ao ano anterior. Malia subida, aínda que non chega as cifras que manexou o organismo en décadas anteriores, permitiu, en todo caso a dotación certo marxe de manobra para o desenvolvemento das actividades que se levaron a cabo.

Máis concretamente, no capítulo I, gastos de persoal, contou con 673.707 euros e no capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, acada os 208.418 euros e para o IV 156.279 euros.



Fonte: Elaboración propia

2.- ACTIVIDADE DO CES GALICIA NO 2022


Como sempre, información mais polo miúdo pode atoparse na web do CES, onde están dispoñibles todos os documentos a texto completo (apartado de Publicacións ou procurarse a través do buscador: <https://www.ces-galicia.org>)

2.1 DOCUMENTOS APROBADOS: MEMORIA, INFORMES, DITAMES.

MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

A Comisión sectorial nº 4, cuxa presidencia, neste ano, correspondeu á representante de CC.OO de Galicia foi a encargada de elaborala. A proposta de Memoria elaborada pola dita comisión sectorial foi tramitada pola Comisión Permanente deste organismo na súa sesión 12/22, do 20 de xullo e de acordo coa normativa, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou por unanimidade, na súa sesión 3/22, do 22 de xullo, a presente Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2021.

Como cada ano, estúdiase a situación sobre os datos estatísticos correspondentes ao exercicio anterior.



A Memoria 2021 como as anteriores, pode consultarse na web do CES:

<https://www.ces-galicia.org/memoriasocioeconomica>

INFORME 1/22: GALICIA 2030: UNHA DIXITALIZACIÓN 4.0 PARA UNHA SOCIEDADE 5.0

Froito do convenio de colaboración ca Universidade de Vigo, foi dirixido polo Catedrático Xosé H. Vázquez que, co resto de colaboradores elaboraron o informe que foi tramitado pola Comisión sectorial 1 do Consello e aprobado polo Pleno o 22 de setembro.

O documento está estruturado en doce capítulos onde se fai unha detallada diagnose do estado actual, identificación dos principais retos e un debate de propostas e opinións dos principais axentes da sociedade civil.



O informe pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/informes/galicia-2030-dixitalizaci%C3%B3n-40-sociedade-50>

INFORME 2/22: SECTOR ENERXÉTICO EN GALICIA: PRESENTE E FUTURO

O reitor da Universidade da Coruña, Julio Abalde, e o presidente do Consello Económico e Social de Galicia, Agustín Hernández, asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do proxecto de investigación “Sector enerxético en Galicia: presente e futuro”.

O CES realizou a encarga deste proxecto ao Grupo de Investigación en Regulación, Economía e Finanzas da UDC (GREFIN), que desenvolve unha importante liña de investigación sobre o sector enerxético en Galicia e as súas consecuencias económicas e sociais, coordinado polo profesor da Facultade de Economía e empresa Fernando de Llano Paz. Os investigadores analizaron os retos ante os que se atopa o sector enerxético galego á hora de enfrontarse á transición ecolóxica coas súas implicacións socioeconómicas, na procura de definir as principais liñas coas que conseguir un mellor posicionamento dos distintos axentes sociais e económicos galegos.

O obxectivo deste traballo é ofrecer un diagnóstico rigoroso do sector enerxético en Galicia, e das políticas desenvolvidas na etapa máis recente, coa finalidade de formular propostas de actuación nos diferentes ámbitos.



INFORME 3/22: OS IMPACTOS DA COVID-19 NA ECONOMÍA GALEGA

O CES e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinaron un contrato de colaboración para elaborar o informe sobre “Os impactos da covid-19 na economía galega”. O obxectivo do informe, dirixido polo investigador Juan Ares Fernández, é ofrecer unha análise rigorosa dos principais impactos que a crise da covid está tendo sobre a economía galega e o seu tecido produtivo, así como das consecuencias sociais dos mesmos.

Ademais do estudio pormenorizado dos datos, fai fincapé nunha análise de tipo cualitativo que permite diferenciar os efectos transitorios e permanentes da pandemia na economía galega. Nese contexto, avalíaranse as políticas públicas postas en marcha para minimizar o seu impacto económico.

O documento, remata cun capítulo sobre balance, perspectivas e retos da recuperación.



INFORME 4/22: TECIDO EMPRESARIAL GALEGO E DINÁMICA EMPRESARIAL. ANÁLISE COMPARADA

Froito do acordo de colaboración do CES coa Universidade de Vigo elaborouse o informe “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada” que tenta presentar un marco de reflexión consensuado acerca da realidade industrial de Galicia. O estudo foi coordinado polo profesor do departamento de Economía Financeira e Contabilidade da UVigo Patricio Sánchez Fernández e analiza o impacto das crises económicas (2008 e 2019) así como a dinámica e demografía empresarial dende unha perspectiva comparada coas outras CC.AA. españolas.

O ámbito temporal de estudo céntrase fundamentalmente no período 2008-2021, que se pode dividir en tres subperíodos: dende o inicio da crise financeira de 2008 ata o ano 2013; o período de recuperación iniciada a finais de 2013; y por último, como incide a crise orixinada pola pandemia nos dous últimos anos (2020-2021).




DITAME 1/22: ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

Con data 29 de decembro de 2021 tivo entrada Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia remitindo para o seu preceptivo ditame o anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. A Comisión Sectorial 2- *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia acordou aprobar a proposta de ditame para a súa posterior tramitación e aprobación polo Pleno na súa sesión 1/22 do 18 de febreiro.

O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-mellora-xesti%C3%B3n-do-ciclo-integral-auga>



DITAME 2/22: ANTEPROXECTO DE LEI DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA

En data 25 de febreiro tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de áreas empresariais de Galicia. O texto foi remitido, en data de 25 de febreiro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial 1, *Economía, emprego e sectores produtivos* que acordou aprobar a proposta de ditame na súa sesión 4/22 do 4 de abril. O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 2/22, do 20 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o ditame.




O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-%C3%A1reas-empresariais-galicia>

DITAME 3/22: ANTEPROXECTO DE LEI DE CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

En data 28 de setembro de 2022 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei da Calidade Alimentaria de Galicia.

A Comisión Sectorial número 1- Economía, emprego e sectores produtivos, competente por razón da materia, na súa sesión 14/22, de data 25 de novembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación e posterior aprobación polo Pleno na sesión 6/22 do 7 de decembro.




O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-calidade-alimentaria-galicia>

DITAME 4/22: ANTEPROXECTO DE LEI DE ARTESANÍA DE GALICIA

En data 11 de novembro de 2022 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de Artesanía de Galicia.

A Comisión Sectorial número 1- Economía, emprego e sectores produtivos, competente por razón da materia, na súa sesión 15/22, de data 16 de decembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación e posterior aprobación polo Pleno na sesión 7/22 do 22 de decembro.



O ditame pode consultarse no seguinte enlace:

<https://www.ces-galicia.org/publicacions/ditames/ditame-sobre-anteproxecto-lei-artesan%C3%ADa-galicia>

2.2 ACTIVIDADE INSTITUCIONAL E PROXECCIÓN

Xunto coa a súa actividade interna, o CES desenvolve tamén actividades de tipo externo como colaboracións con outros organismos, participación en organizacións de ámbito tanto comunitario como europeo, nun intento de proxectar á sociedade os pareceres, as opinións, as inquedanzas sociais e económicas das organizacións, entidades e asociacións representadas no seu seo.

As actividades neste campo, levadas a cabo no 2022, seguindo orde cronolóxica son as seguintes:

- **14 de xaneiro: FORO AVE MADRID- OURENSE**

O Consello Económico e Social participou no foro AVE Madrid–Ourense “Un camiño a Galicia: desafíos e oportunidades”, celebrado na cidade das Burgas. A través dunha intervención do presidente, Agustín Hernández, nunha mesa redonda titulada “O camiño por completar: as etapas pendentes”, o organismo estivo presente nun encontro que tentou amosar as novas realidades que a recente posta en marcha da conexión de alta velocidade entre Ourense e Madrid suporá para este territorio.




- **3 de febreiro: REDE TRANSNACIONAL ATLÁNTICA (RTA)**

Responsables dos CES españois, franceses e portugués agrupados na Rede Transnacional Atlántica (RTA) participaron nunha reunión virtual para compartir a presentación dos documentos publicados para Comisión Europea sobre a revisión do regulamento da Red Transeuropea de Transportes (RTE-T Efficient and Green Mobility).

Coa participación dos CES de Andalucía, Canarias, Castela e León, Estremadura, Galicia e País Vasco, por parte española, o representante do Forum Océano portugués e os membros dos CESERS franceses de Nouvelle Aquitaine, Bretaña, Pays de la Loire e Normandía, a videoconferencia permitiu o intercambio de ideas e propostas por parte dos diferentes membros da RTA para a elaboración de elementos de análise e unha posible reacción da organización sobre eses documentos da Comisión.

Estes posibles traballos enmarcaríanse na decisión do Comité de Orientacións da RTA, o seu órgano de goberno, de asegurar un seguimento ao proceso de revisión do Regulamento da RTE-T.



- **2 de marzo: ACTO DE ENTREGA DOS GALARDÓNS DA VIII EDICIÓN DO PREMIO “VALENTÍN PAZ ANDRADE” DE INVESTIGACION EN ECONOMÍA DE GALICIA.**

No marco da colaboración que se mantén coa Universidade de Santiago, e en concreto co IDEGA, a participación na convocatoria do VIII Premio de Investigación en Economía de Galicia “Valentín Paz Andrade”, convocado co obxecto de recoñecer e premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento da realidade económico-social de Galicia e ao establecemento das mellores políticas para contribuír ao benestar dos seus cidadáns. Na convocatoria do 2021 o xurado premiou na modalidade 1 (traballos de investigación) o estudo sobre a percepción que os residentes dos concellos galegos teñen do Camiño de Santiago “El impacto del Camino de Santiago a escala local: la percepción de los residentes de dos municipios gallegos” do que son autores Melchor Fernández Fernández, Diana Fernández Méndez e Dolores Riveiro García. O traballo, publicado na revista Cuadernos de Turismo, centra o estudo nos municipios rurais de Pedrafita do Cebreiro e Melide a partir da información cuantitativa obtida nunha enquisa de satisfacción. Os resultados revelan unha percepción global positiva e descartan problemas de percepción de saturación vinculados ao crecente número de peregrinos que percorren as súas localidades.

Deste traballo, o xurado destacou a relevancia e pertinencia da temática abordada, especialmente nun momento de controversia sobre a percepción dos diferentes impactos das actividades turísticas en xeral e, en particular, do Camiño de Santiago e a afluencia de peregrinos; considerando que “as conclusións do artigo, que son alcanzadas tras unha análise rigorosa, contribúen a un maior coñecemento para a toma de decisións sobre un recurso de tanta importancia para Galicia”.

No apartado destinado a teses de doutoramento, recoñeceuse un traballo de Juan Torrelles Manent, titulado “Análisis de la eficiencia de los centros especiales de empleo en Galicia: visión económico-financiera y social”.

A modalidade 1 do certame está dotada de 2.000 euros, mentres que a tese premiada na segunda das modalidades recibirá 1.000 euros.

O acto de entrega tivo lugar no Colexio San Xerome e estivo presidido polo reitor Antonio López e contou coa presenza da directora do IDEGA, María Dolores Riveiro García e do presidente do CES, Agustín Hernández.



- **3 e 4 de marzo: XUNTANZA PROGRAMA OPERATIVO FSE+ GALICIA 2021-2027**

O CES participou nunha xuntanza telemática sobre os avances na programación do Programa Operativo do FSE+ Galicia 2021-2027. O obxectivo da reunión foi presentar aos socios do programa as principais liñas de actuación que figuran na proposta actual do programa operativo relativas a Emprego, formación e educación así como en Inclusión social, e para elo participaron na mesma representantes da Comisión Europea, os xestores de FSE+ da Xunta de Galicia e do Ministerio de Traballo e Economía Social.



- **11 de marzo: XORNADA “CAMBIO CLIMÁTICO E TRANSICIÓN ENERXÉTICA”.**

As ameazas do cambio climático e o actual proceso de transición enerxética no que están inmersos os nosos sistemas produtivos foron os protagonistas da xornada. As intervencións dos distintos expertos que abordaron os diferentes aspectos destes asuntos desde a sede do Consello e foi seguida en directo vía streaming a través da canle de YouTube.

Coa idea de aportar reflexións globais sobre esa problemática e as súas múltiples facianas, o CES reuniu a representantes da Administración para falar dos obxectivos e planificación da transición enerxética; representantes das empresas enerxéticas e de combustibles e do sector da automoción que falan de transición enerxética e combustibles e dos novos retos do transporte sen emisións. Contempláronse tamén as visións dos colectivos ecoloxistas sobre a protección do medio ambiente e representantes dos sindicatos maioritarios que aportaron as súas reflexións sobre cambio climático e emprego.


<https://www.youtube.com/watch?v=CcYwtUPJGJQ&t=84s>



- **31 de marzo: OBSERVATORIO GALEGO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA.**

O CES participou na reunión do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, celebrada vía videoconferencia. Na xuntanza, os membros acordaron a creación de dous novos grupos de traballo no observatorio, un adicado a Formación e Innovación e outro a Benestar e saúde. Estes novos grupos concíbense como espazos de intercambio de coñecemento, análise e reflexión que teñen como obxectivo realizar propostas de actuación no seu respectivo ámbito temático. Esas propostas serán sometidas a consideración do Pleno do Observatorio.

Na reunión presentouse tamén aos participantes a nova páxina web da entidade.



- **31 de marzo e 1 de abril: ENCONTRO ANUAL DO CES ESPAÑA E OS CES DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS**


Presidentes e secretarios xerais dos CES de España mantiveron o seu encontro anual en Santiago de Compostela, organizado este ano polo CES Galicia. Ao longo de dúas xornadas de traballo os representantes destes organismos consultivos (o nacional e os autonómicos) compartiron experiencias reflexións e tiveron ocasión de debatir sobre o papel actual e futuro dos Consellos como institucións relevantes na participación e no diálogo social, na mellora do proceso de formación de políticas e a análise de temas de actualidade competencia dos Consellos.

No Encontro, o CES de España xunto cos CES de Andalucía, Aragón, Castela e León, Cataluña, Extremadura, Galicia, Islas Baleares, Navarra, Murcia, País Vasco e Valencia, firmaron la DECLARACIÓN DE SANTIAGO.



- **27 de abril: PLAN GALEGO CONTRA A TRATA DE SERES HUMANOS**

No marco do proceso participativo de consultas ás entidades e organismos aberto polos seus promotores, o CES presentou as alegacións ao borrador do **Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024**. Valorouse positivamente a posta en marcha do plan, aínda que que bota en falta un cronograma e unha dotación orzamentaria ou mecanismos de avaliación de resultados. En palabras do CES, “resulta necesario contemplar as medidas e recursos mediante unha concreción en prazos, orzamentos e mecanismos de posta en marcha das medidas, para conseguir a efectividade do plan”. Ademais, o Consello estima que cómpre garantir que a súa duración extenderase máis aló do 2024 e que haberá un fortalecemento do traballo neste eido.



- **3 de maio: FADEMGGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA**

Técnicos da organización FADEMGGA Plena inclusión Galicia visitaron a sede do Consello Económico e Social de Galicia, para avaliar as condicións de accesibilidade do edificio para todas as persoas, nunha iniciativa de colaboración que busca facilitar a participación de calquera colectivo nos actos e reunións que teñen lugar no CES. O motivo da colaboración é establecer os cambios e posibles modificacións que se deberían afrontar na sede do organismo para facilitar a máxima accesibilidade das súas instalacións.

FADEMGGA Plena inclusión Galicia é a Federación galega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. Na actualidade conta con 40 entidades galegas federadas que prestan servizo a 6.384 persoas con discapacidade intelectual.



- **20 de maio: FONDOS EUROPEOS FSE+ E FEDER GALICIA 2021-2027**

O CES aprobou, a través da súa Comisión Permanente, unha serie de consideracións en resposta á consulta pública aberta sobre o proceso de elaboración, execución e avaliación dos programas operativos dos fondos europeos, en concreto do PO FSE+ e do PO FEDER GALICIA 2021-2027. No marco dese proceso, o Consello aportou as súas opinións sobre a súa propia participación no conxunto das actuacións (como membro dos Comités de Seguimento) e estimou, entre outras consideracións, que é prioritaria a aprobación dos programas operativos no menor tempo posible.

Nun terceiro eixo, o CES considera necesario “insistir na importancia dos principios horizontais e de complementariedade, en especial na actual situación de crise social e económica” e fai fincapé en que é necesaria unha maior participación feminina nos diversos espazos do ámbito público.

Outros dos aspectos que salienta o Consello é a necesidade de avaliar do mellor xeito as medidas aprobadas e para iso propón unha mellora dos mecanismos de análise de impacto.



- **1 de xuño: REDE TRANSNACIONAL ATLÁNTICA (RTA)**

Representantes dos Consellos Económicos e Sociais españois membros da Rede Transnacional Atlántica (RTA) e os seus homólogos franceses mantiveron unha reunión a través de videoconferencia para continuar cos traballos en relación coa rede transeuropea de transportes. Os socios da RTA prevén elaborar un documento con aportacións dos axentes socioeconómicos sobre os cambios que analiza a Comisión Europea para a revisión do regulamento da Red Transeuropea de Transportes (RTE-T Efficient and Green Mobility).

- **29 de xuño: CONFERENCIA “Análisis de la eficiencia de los centros especiales de empleo en Galicia: visión económico-financiera y social”.**

Os membros da Comisión Permanente do CES asistiron a unha conferencia sobre os centros especiais de emprego (CEE) impartida na sede do organismo polo profesor da USC Juan Torrelles Manent, gañador da última edición do premio Valentín Paz Andrade pola súa tese de doutoramento ‘**Análisis de la eficiencia de los centros especiales de empleo en Galicia: visión económico-financiera y social**’. O autor explicou polo miúdo o contido do seu traballo, as características destes centros, os indicadores de eficiencia que elixiron para a súa avaliación, os problemas de falta de datos que atoparon e apuntou posibles novas liñas de investigación.



- **3 de agosto: PARLAMENTO DE GALICIA**

O presidente do Consello Económico e Social, Agustín Hernández, entregou ao presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices, a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2021. Acompañado polo presidente de turno da comisión sectorial encargada do traballo, o representante do sindicato CC.OO. Xesús Castro, o presidente explicou o contido do documento e repasou algunhas das consideracións que recolle. O presidente do CES entregou tamén tres exemplares mais para os distintos grupos parlamentarios.



- **14 de setembro: XORNADA CO CES ESPAÑA EN MARÍN.**

Presentación do Informe “Mujeres, trabajo y cuidados: propuestas y perspectivas de futuro” do Consejo Económico y Social (CES) de España no Museo Manuel Torres da localidade pontevedresa de Marín. A presentación, correu a cargo da conselleira do CES Elena Blasco Martín, presidenta da comisión de traballo encargada da redacción do documento.

A apertura do acto contou coa presenza do presidente do CES España, Antón Costas, do presidente do CES-Galicia, Agustín Hernández e da alcaldesa de Marín, María Pilar Ramallo.

A xornada completouse cun coloquio entre traballadoras do sector do mar, coa participación de representantes das organizacións sindicais, das empresas e das confrarías de pescadores, segundo os tres grupos de entidades que configuran o CES. A clausura da xornada contou coa conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa Quintana.



- **17 de outubro: REUNIÓN DE TRABAJO CO CES ESPAÑA EN MADRID**

O gabinete técnico do CES-Galicia mantivo unha reunión de traballo con parte do equipo técnico da área de estudos do CES de España na sede do organismo consultivo en Madrid; analizáronse os cambios introducidos no proceso de elaboración da memoria socioeconómica deste último ano e as novidades que poderían implementarse para estes vindeiros exercicios. José Francisco Armesto, acompañado polo secretario xeral do organismo galego, Manuel Martínez, compartiron opinións e experiencias co director de área do gabinete de estudos do CES, Luis Sauto, e os coordinadores desa área Reyes de Blas, Fernando Martínez e Nuria Moreno.



- **21 de outubro: XORNADA DE PRESENTACIÓN DO CISPAC EN SANTIAGO**

Encadrado nunha mesa redonda sobre “O valor do turismo e o valor das paisaxes”, o presidente do CES-Galicia participou no evento de presentación pública do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), que se celebrou entre o 19 e o 21 de outubro na Cidade da Cultura compostelá.

O CISPAC, ao que se incorporaron no mes de xuño máis de 80 investigadores e investigadoras das tres universidades galegas, pretende ser referente no panorama internacional das humanidades e das ciencias sociais, abordando un estudo transdisciplinar a través de cinco campos de traballo: paisaxes que teñen xente, paisaxes que producen, paisaxes gobernadas, paisaxes que teñen patrimonio e paisaxes visitadas.



- **24 de outubro: PRESENTACIÓN DA PROPOSTA DE INFORME SOBRE DINÁMICA EMPRESARIAL**

A proposta de traballo para a elaboración do informe sobre o “Tecido empresarial galego e dinámica empresarial. Análise comparada” foi presentada aos membros da Comisión sectorial nº1 por un responsable do equipo da Universidade de Vigo que se encargará da elaboración do traballo. O profesor Patricio Sánchez expuxo as liñas mestras do estudo, que se dividirá en catro apartados (contexto económico, tecido empresarial, dinámica empresarial e conclusións) e estará baseado nunha metodoloxía con distintas análises (descritiva, comparativa, estatística e cualitativa). Con ese estudo, e coas aportacións dos membros da Comisión, o obxectivo é acadar conclusións e recomendacións obxectivas e consensuadas, con prazos diferenciados e con destinatarios identificables.



- **27 de outubro: VISITA DUNHA DELEGACIÓN DO CES O CENTRO TECNOLÓXICO DE AUTOMOCIÓN EN PORRIÑO**

Unha delegación do CES-Galicia, encabezada polo presidente do organismo, visitou as instalacións do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) na localidade pontevedresa do Porriño. O grupo tivo ocasión de coñecer de primeira man, a través das explicacións dos responsables do centro, algúns dos laboratorios punteiros e dos proxectos máis novidosos nos que están a traballar. Técnicos das distintas áreas explicaron *in situ* o seu traballo en campos como a **enxeñería de ensaios, a seguridade activa e pasiva nos vehículos, a automatización, as novas formas de mobilidade e os servizos intelixentes ou os novos materiais**. Con preto dun milleiro de traballadores altamente especializados, o CTAG é unha entidade creada para ofrecer solucións tecnolóxicas avanzadas no sector do automóbil.



- **2 de novembro: COMISIÓN DE ORZAMENTOS NO PARLAMENTO DE GALICIA**

